

**CONVOCATORIA ELECCIÓN A MEMBROS/AS DA ASEMBLEA XERAL,  
PRESIDENTE/A E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE  
BALONMÁN 2022**

De acordo co DECRETO 171/2021, do 23 de decembro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, a Federación Galega de Balonmán aprobou na súa Asemblea Xeral Extraordinaria do 13 de maio de 2022 o regulamento electoral para a elección de membros/as á Asemblea Xeral, á Presidencia e á Comisión Delegada da federación e o calendario electoral estimado do proceso electoral 2022-2025.

O 31 de maio de 2022, a Secretaría Xeral Para o Deporte, aprobou o regulamento electoral para a elección a membros/as da Asemblea Xeral, Presidente/a e Comisión Delegada da Federación Galega de Balonmán e o calendario electoral, aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria do 13 de maio de 2022.

Por todo o exposto, D. Bruno López Molina, en calidade de presidente da Federación Galega de Balonmán,

**RESOLVE**

A disolución da actual Xunta Directiva e a convocatoria oficial de eleccións a membros/as á Asemblea Xeral, á Presidencia e á Comisión Delegada da Federación Galega de Balonmán.

Asdo:



Bruno López Molina

(Presidente Federación Galega Balonmán)

En Vigo a 23 de xuño de 2022